

NOTA INFORMATIVA SOBRE A CAPACIDADE FINANCEIRA DOS MEDIADORES DE SEGUROS

Nesta nota recóllese a interpretación que realiza a Subdirección Xeral de Supervisión de Caixas de Aforro e Entidades Financeiras, a efectos da supervisión do cumprimento do requisito de capacidade financeira suficiente por parte de los mediadores inscritos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- NORMATIVA APLICABLE

A capacidade financeira dos mediadores de seguros, de acordo co recollido na Disposición Transitoria Terceira da Lei 26/2006, 17 de xullo, de Mediación de seguros e Reaseguros Privados, ten por obxecto *protexer aos clientes fronte á incapacidade dos axentes de seguros vinculados, operadores de banca-seguros vinculados e dos corredores de seguros para transferir a prima á entidade aseguradora ou para transferir a cantidade da indemnización ou ol reembolso da prima ao asegurado.*

A este respecto, o artigo **21** da citada lei, **requisitos para exercer como axente de seguros vinculado**, establece no seu apartado 3 que, para figurar inscrito no correspondente rexistro como axente de seguros vinculado, **será necesario cumprir e manter** en todo momento o seguinte:

g) Disponer dunha capacidade financeira que deberá en todo momento alcanzar o catro por cento do total das primas anuais percibidas, na forma que regulamentariamente se determine, salvo que contractualmente se pactase de forma expresa con todas e cada unha das entidades aseguradoras que os importes abonados pola clientela se realizarán directamente a través da domiciliación bancaria en contas abertas a nome de aquelas, ou que, no seu caso, o axente de seguros vinculado ofreza ao tomador unha cobertura inmediata entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora, e, nun e noutro caso, que as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

Pola súa parte, o **artigo 27, requisitos para exercer a actividade de corredor de seguros**, recolle no seu apartado 1 que, para exercer a actividade de corredor de seguros, será precisa a previa inscrición no Rexistro Administrativo Especial de Mediadores de Seguros, Corredores de Reaseguros e dos seus Altos Cargos. Entre os

requisitos necesarios para obter e manter a inscrición no citado Rexistro como corredor de seguros establécese o seguinte:

f) Dispoñer dunha capacidade financeira que deberá en todo momento alcanzar o catro por cento do total das primas anuais percibidas, na forma que regulamentariamente se determine, salvo que contractualmente se pactase de forma expresa coas entidades aseguradoras que os importes abonados pola clientela se realizarán directamente a través de domiciliación bancaria en contas abertas a nome de aquelas, ou que, no seu caso, o corredor de seguros ofrezca ao tomador unha cobertura inmediata entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora, e, nun e noutro caso, que as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

Pola súa parte, á espera do correspondente desenvolvemento regulamentario, a Disposición Transitoria Terceira antes citada, normas provisionais sobre os requisitos para exercer como axente de seguros vinculado, operador de banca-seguros vinculado, corredor de seguros e corredor de reaseguros, establece:

1. En tanto que o Ministerio de Economía y Hacienda non fixe normas ao respecto, será de aplicación para os axentes de seguros vinculados, operadores de banca-seguros vinculados e para os corredores de seguros e de reaseguros o seguinte:...

b) A capacidade financeira a que se refiren os artigos 21.3 g) y 27.1.f) non poderá ser inferior a 15.000 euros, e poderá acreditarse mediante a contratación de aval emitido por unha entidade financeira ou de un seguro de caución. ...

2. As contías mencionadas nas letras a) e b) do apartado anterior revisaranse con efectos de 15 de xaneiro de 2008 e cada 5 anos desde esa fecha, para ter en conta a evolución do índice europeo de prezos de consumo, publicado por Eurostat. ...

A primeira actualización de dito importe tivo lugar mediante Resolución da Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones (DGSyFP) de 23 de setembro de 2008, pasando a ser de 16.803 euros, con efectos desde o 15 de xaneiro de 2008.

A segunda e última actualización tivo lugar mediante Resolución de la D.G.S.y F.P. de 22 de outubro de 2013, pasando a ser de 18.760 euros, con efectos desde o 15 de xaneiro de 2013.

En base ao anterior, o importe de 18.760 € sería suficiente para cubrir a capacidade financeira correspondente a una cifra de primas intermediadas de 469.000 € anuais

coas entidades aseguradoras coas que non se teñan os pactos expresos aos que se refiren os artigos 21.3.g) y 27.1.f). Coa lexislación en vigor a próxima actualización deberá ter lugar no ano 2018.

2.- ANÁLISIS DAS FORMAS DE COBERTURA DA CAPACIDADE FINANCEIRA

De acordo coas normas legais antes citadas, é requisito indispensable para obter e manter a inscrición no *Rexistro Administrativo Especial de Mediadores de Seguros, Corredores de Reaseguros e dos seus Altos Cargos* dispoñer de capacidade financeira, a cal pode ser acreditada de diferentes maneiras segundo os pactos realizados entre o mediador e as entidades aseguradoras.

2.A.- Pacto expreso de domiciliación bancaria.

Neste suposto estarían os casos nos que existe un pacto expreso mediante o cal se establece (i) que os importes abonados pola clientela se realizarán directamente a través da domiciliación bancaria en contas abertas a nome das entidades aseguradoras E (ii) que as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

No caso de que o pacto de domiciliación (i) con unha entidade aseguradora se refira á **totalidade das primas intermediadas con esa entidade** e se incorpore o pacto de entrega directa das indemnizacións pola mesma (ii), quedaría cuberta a capacidade financeira correspondente á totalidade das primas intermediadas con aquela.

2.B.- Pacto expreso de cobertura inmediata con entrega do recibo emitido pola entidade aseguradora

Neste suposto estarían os casos nos que existe un pacto expreso mediante o cal se establece: (i) que o mediador ofrecerá ao tomador unha cobertura inmediata entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora E (ii) que as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

No caso de que o pacto de cobertura inmediata con entrega de recibo (i) con unha entidade aseguradora se refira á **totalidade das primas intermediadas con esa entidade** e se incorpore o pacto de entrega directa pola mesma das indemnizacións (ii), quedaría cuberta a capacidade financeira correspondente á totalidade das primas intermediadas con aquela.

2.C.- Pacto expreso de domiciliación bancaria ou de cobertura inmediata con entrega do recibo emitido pola entidade aseguradora

Neste suposto estarían os casos nos que existe un pacto expreso mediante o cal se establece (i) que os importes abonados pola clientela se realizarán directamente a través da domiciliación bancaria en contas abertas a nome das entidades aseguradoras **OU** (i') que o mediador ofrecerá ao tomador unha cobertura inmediata entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora **E** (ii) que as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións se entregarán directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

No caso de que exista un pacto con unha entidade aseguradora no que se estableza, **para a totalidade das primas intermediadas con esa entidade, ben (i) a domiciliación ou alternativamente (i') a cobertura inmediata mediante entrega de recibo**, e se incorpore o pacto de entrega directa das indemnizacións pola mesma (ii), quedaría cuberta a capacidade financeira correspondente á totalidade das primas intermediadas con aquela.

2.D. Inexistencia de pactos que cumpran estritamente co anterior

Tanto no caso de inexistencia de pacto expreso como no caso de que exista pacto pero este non cumpra estritamente co previsto nos apartados anteriores, será necesario un aval ou seguro de caución que cubra o 4% da totalidade das primas intermediadas con esa entidade aseguradora, independentemente de que estean domiciliadas ou as cobre o mediador, incluso no caso de que entregue o recibo emitido pola entidade aseguradora.

3.- CONCLUSIÓNS

Os efectos de cada clase de pacto coas entidades aseguradoras son os seguintes:

- Pacto expreso de domiciliación bancaria para a totalidade das primas intermediadas coa entidade aseguradora.

Se este pacto se acompaña co pacto de entrega directa das indemnizacións, queda cuberta a capacidade financeira correspondente á totalidade das primas intermediadas con esa entidade aseguradora.

- Pacto expreso de cobertura inmediata con entrega do recibo emitido pola entidade aseguradora para a totalidade das primas intermediadas con aquela

Se este pacto se acompaña co pacto de entrega directa das indemnizacións, queda cuberta a capacidade financeira correspondente á totalidade das primas intermediadas con esa entidade aseguradora.

- Pacto expreso de domiciliación bancaria ou –alternativamente– de cobertura inmediata con entrega do recibo emitido pola entidade aseguradora, que abarquen a totalidade das primas intermediadas coa entidade aseguradora

Se este pacto de domiciliación ou –alternativamente- cobertura inmediata mediante entrega de recibo, se acompaña co pacto de entrega directa das indemnizacións, queda cuberta a capacidade financeira correspondente á totalidade das primas intermediadas con esa entidade aseguradora.

En definitiva, considérase conveniente que os mediadores de seguros establezan coas entidades aseguradoras pactos expresos en algún dos sentidos sinalados.

Polo contrario, cando con algunha ou varias das entidades aseguradoras coas que se realiza a tarefa de mediación non se alcance algún dos pactos anteriores, será necesario ter un seguro de caución ou aval que cubra o 4% da totalidade das primas intermediadas con esas entidades aseguradoras, co mínimo de 18.760 €.

4.- REDACCIÓN TIPO PARA AS DISTINTAS CLASES DE PACTOS

A continuación se inclúese unha redacción tipo -simplemente orientativa- que podería utilizarse como modelo para cada clase de pacto:

2.A.- “Os importes abonados polos tomadores realizaranse directamente a través da domiciliación bancaria en contas abertas a nome da entidade aseguradora. Así mesmo, as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións entregaranse directamente pola entidade aseguradora aos tomadores, asegurados ou beneficiarios.”

2.B.- “O mediador ofrecerá ao tomador unha cobertura inmediata entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora. Así mesmo, as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións entregaranse directamente pola entidade aseguradora aos tomadores, asegurados ou beneficiarios.”

2.C.- “Os importes abonados polos tomadores realizaranse directamente a través da domiciliación bancaria en contas abertas a nome da entidade aseguradora ou, no seu caso, o mediador ofrecerá ao tomador unha cobertura inmediata entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora. Así mesmo, as cantidades abonadas en concepto de indemnizacións entregaranse directamente pola entidade aseguradora aos tomadores, asegurados ou beneficiarios.”